



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE CARNOTA PARA O FINANCIAMENTO DE MELLORAS NA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE CARNOTA

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Carnota o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convenial ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Carnota para o financiamento de melloras na Escola Infantil do Concello de Carnota, situada no lugar de Pedrafigueira, en Lamas de Castelo, neste concello, co fin de prestar unha mellor atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos que fan uso desta escola infantil integrada na rede de escolas infantís xestionadas polo Consorcio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Carnota, adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de convenio o 3.7.2006, asinou con este consorcio, con data do 12.11.2010, un convenio de colaboración para a construción dunha escola infantil no lugar de Pedrafigueira, en Lamas de Castelo, no Concello de Carnota, asumindo o Consorcio a xestión desta escola infantil no exercicio das competencias previstas





estatutariamente.

Co fin de manter e conservar adecuadamente as instalacións da Escola Infantil do Concello de Carnota, en particular, co fin de co fin de mellorar a habitabilidade e confortabilidade interior das instalacións, resulta necesario acometer melloras neste inmovible consistentes na retirada do pavimento deteriorado en 2 aulas e a sala de usos múltiples da Escola Infantil e colocación de novo pavimento vinílico, eliminación de humidades na sala do profesorado e pintura xeral. Para tal fin, o Concello de Carnota solicitou a colaboración do Consorcio para o financiamento destas actuacións de mellora, ao non dispoñer de recursos propios suficientes para facer fronte á necesidade destas actuacións.

Considerando que o concello non dispón dos medios económicos necesarios para a realización das devanditas actuacións de mellora no inmovible destinado a Escola Infantil, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento destas actuacións, resolvendo así os problemas detectados nas instalacións desta escola infantil e posibilitando en consecuencia unha mellor calidade na atención que se presta nesta escola infantil, integrada na rede de escolas infantís xestionadas polo Consorcio.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento das actuacións descritas, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade destas actuacións e o interese común de posibilitar a mellora das instalacións da Escola Infantil, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento das actuacións descritas, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2025.





Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2025, considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así com cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Carnota para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 29.999,45 euros, con cargo á partida 08.90 312B 760.00 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2025.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

